



EN FAMILIA TODOS CONTAN

PROGRAMA

XUSTIFICACIÓN:

As investigacións realizadas nas últimas décadas sinalan que a familia exerce unha influencia maior do que se cre no que respecta á conduta dos/das adolescentes, en xeral e en todo o relacionado coas drogas. Na familia adquirense e desenvólvense as actitudes, crenzas, valores, hábitos, estilos de vida e comportamentos que influirán no modo en que os/as fillos/as se enfronten á vida e, polo tanto, a actuación familiar pode contribuir a evitar o desenvolvemento de problemas relacionados coas drogas. De ahí a necesidade de desenvolver programas de prevención no ámbito familiar.

OBXECTIVOS:

- Mellorar a supervisión paterna/materna sobre as actividades dos fillos e fillas.
- Mellorar as relacións familiares e a comunicación familiar.
- Incrementar as habilidades educativas dos pais/nais, aumentando a empatía cos fillos/as.
- Aumentar a confianza e a competencia dos pais e nais na tarefa de educar aos seus fillos/as, aprendendo a utilizar outros métodos educativos como a atención positiva e os eloxios.
- Reducir a utilización de métodos coercitivos e punitivos na educación dos fillos/as, aumentando a capacidade de negociación e a habilidade para a resolución de conflitos.
- Identificar e concretar os valores e actitudes que os pais/nais desexan fomentar nos fillos/as.

DESTINATARIOS:

A poboación destinataria do programa son os pais e as nais ou titores de familias que se encontran en situación de risco en relación coas drogas. Enténdese por situación de risco a existencia de comportamentos potencialmente asociados ao desenvolvemento de problemas coas drogas que estean realizando os fillos/as destas familias e que dificultan a maduración e a incorporación social.

METODOLOXÍA:

O programa lévase a cabo en forma de obradoiro, a través de sesións grupais cos pais/nais.

DURACIÓN:

Desenvólvese ao longo de 5 sesións de 90 minutos de duración cada unha.

CONTIDOS:

1ª Sesión:

- Presentación do programa.
- Obxectivos.
- Presentación do grupo.
- Avaliación do sistema familiar.
- A adolescencia.
- Papel da familia na prevención do consumo de drogas: factores protectores e de risco.

2ª sesión:

- Normas e límites.

3ª Sesión:

- Estilos educativos.

4ª Sesión:

- Comunicación.
- Resolución de conflitos.

5ª Sesión:

- ¿Qué deben saber os pais/nais sobre as drogas?